



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
2693/2023	A Xunta de Goberno Local	26/03/2024

D. Juan F. Sánchez González, Secretario Xeral do Concello de Poio,

CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión realizada na data arriba indicada, adoptou entre outros o seguinte acordo

22044.-CONTRATACIÓN.-EXPTE.: 2693/2023. CONTRATACIÓN "SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS 2024"

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

RESOLUCIÓN

Dáse conta do expediente electrónico número 2693/2023 co seguinte resume de antecedentes-documentación:

- “Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Poio, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 asinado o 26 de maio de 2023 (publicado no Portal de Transparencia do Concello de Poio, apartado “5. CONTRATOS, CONVENIOS E ENCOMENDAS DE XESTIÓN/5.6. Convenios e encomendas de xestión/5.6.1. Convenios” (<https://concellopoio.sedelectronica.gal/transparency/25a19780-3c11-4578-871b-b619c8048d9a/>))

- Memoria asinada conxuntamente polo Sr. Alcalde e polo Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, xustificativa da idoneidade da contratación, da insuficiencia de medios e da non división en lotes.

- Prego de prescricións técnicas e Prego de Cláusulas administrativas particulares (asinados o seis de marzo de 2024) para a contratación servizos de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención no Concello de Poio ao abeiro do Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural.

- “Programa de actuacións preventivas do convenio de incendios correspondente á anualidade 2024” e “Informe de actuacións preventivas contra incendios forestais





Concello de Poio

correspondente a anualidade 2024; medios propios” asinados o 18 de decembro de 2023 polo enxeñeiro técnico do Departamento de Medio Ambiente. (Consta no expediente xustificante de ter comunicado o Programa de Actuacións á Consellería do Medio Rural o oito de febreiro de 2024).

- Retención de crédito efectuada o 25 de xaneiro de 2024 por importe de 47.000,00€ “para a contratación do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención”, número de operación contable 2024 22000413.
- Informes emitidos o catro e o seis de marzo de 2024 pola interventora municipal.
- Informe xurídico emitido o catro de marzo de 2024 polo secretario xeral do Concello.
- Proposta da Alcaldía de oito de marzo de 2024.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, polo voto favorable das/os seis concelleiras/os presentes sendo este o número legal da súa composición, en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 28 de xuño de 2023, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de dous de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) **acorda, de conformidade coa proposta da Alcaldía de oito de marzo de 2024, obrante no expediente 2693/2023:**

Primeiro: Prestar aprobación ao expediente de contratación dos servizos de prevención e extinción de incendios forestais 2024, e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

E para que conste expide a presente de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, coa salvidade do art. 206 do ROF e RXEL, de 28 de novembro de 1986.

O secretario Xeral.

Poio, na data que figura na sinatura dixital á marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

